

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A SEPARACIÓN E XESTIÓN DOS RESIDUOS NA UDC

Ano 2019



	Páx.
PRESENTACIÓN	2

ÍNDICE de actividades

1	Participación na Semana Europea de Prevención dos Residuos	4
2	Caracterización dos residuos en 4 centros completos da UDC	6
3	Adaptación ao sistema de segregación interna na Facultade de Ciencias	15
4	Adaptación ao sistema de segregación interna no Edificio Xoana Capdevielle	16
5	Equipamentos para a mellora na separación de residuos	17
6	Xornadas de sensibilización e voluntariado	18
7	Elaboración da Exposición: O lixo na UDC – Modelo Nostián	19



PRESENTACIÓN

Arredor do 85% da comunidade universitaria (19.000 persoas entre estudantes e persoal) vive de forma permanente ou ao mesmo durante o curso no ámbito da planta de Nostión. Ademais, a grande maioría faino no concello da Coruña. Isto fai que teña grande importancia a súa sensibilización sobre a xestión adecuada de residuos e a adopción das prácticas correctas de separación en orixe. O feito de que parte desta comunidade proveña orixinariamente do ámbito SOGAMA, e o alcance deste modelo nos medios de comunicación, dálle aínda máis importancia á axeitada difusión e posta en valor do modelo Nostión dentro da comunidade universitaria.

Con este obxectivo, a UDC está introducindo a separación dos residuos orgánicos dentro das instalacións universitarias. Até recentemente, separábanse en particular os residuos orgánicos dos establecementos hostaleiros presentes na UDC, ao considerar que nos edificios docentes e de investigación se xeraba moi pouco residuo orgánico. Sen embargo, isto está a cambiar nos últimos anos, xa que tanto persoal como estudantes realizan moitas comidas fóra das cafetarías (levando en moitos casos as friameiras da casa), o que fai necesario esa separación en orixe. A UDC introduciu nos dous últimos anos a separación completa nos primeiros centros e está programando a adopción xeneralizada da separación húmido-seco.

Neste contexto, desenvolveuse unha Campaña de sensibilización e concienciación sobre a recollida separada de residuos, dirixida sobre todo a estudantes da UDC en Elviña e A Zapateira, pero tamén o conxunto da comunidade universitaria no ámbito Nostión. A campaña desenvolveuse maiormente en novembro e decembro de 2019, e incluíu as seguintes accións principais:

Campaña de caracterización das diferentes fraccións recollidas en 4 centros universitarios con separación en orixe da fracción orgánica e difusión dos resultados entre a comunidade usuaria.


Deseño e elaboración dunha exposición completa sobre residuos e o modelo do ámbito Nostión, incluíndo os importantes resultados xa acadados até o momento e a necesidade de mellora.

Este informe recolle as actuacións levadas a cabo pola Oficina de Medio Ambiente da UDC dentro desta campaña, e inclúe outras actuacións desenvolvidas ao longo de 2019. Os resultados indican unha moi boa acollida das campañas de sensibilización, tanto por termos chegado a uns 400 estudantes de forma directa, con pequenas explicacións do modelo de segregación dos residuos, como pola participación de voluntariado en actividades de limpeza, e particularmente polos moi bos resultados da separación en orixe nos tres centros nos que recentemente se implantou a recollida separada de fracción orgánica.

Nestas recollidas separadas obtivéronse índices de captura medios do 83% para fracción seca, 84% para a orgánica e 99% para papel/cartón, aínda que con valores que roldan o 67% nalgún dos centros e que deben ser obxecto de mellora. A calidade das fraccións, indicada polo índice de propios, presenta valores medios do 83% (fracción seca), 89% (orgánica) e 95% (papel/cartón). No centro no que o modelo leva xa dous anos en aplicación observouse unha mellora gradual nos índices de propios, até superar ese limiar mínimo necesario para permitir unha reciclaxe e compostaxe de calidade.

1.- Participación na Semana Europea de Prevención dos Residuos

A UDC participou na European Week for Waste Reduction (EWWR 2019) con diversas accións para o fomento da redución de residuos, sumándose ás máis de 15.000 accións rexistradas en toda Europa. O tema central do 2019 foi **"Educación e comunicación de residuos: Cambia de hábitos, reduce os teus residuos"**.



Para a mellora na recollida separada de residuos na Universidade da Coruña, a Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC) organizou unha serie de iniciativas en 5 centros: Facultade de Ciencias da Educación, Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos, Facultade de Ciencias, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, Edificio Xoana Capdevielle.

Días 19 e 20 de Novembro: Caracterización de residuos nos centros. Estúdase a composición das distintas fraccións in situ e analízase a calidade da separación en orixe, rexistrando o estado respecto a cursos anteriores.

Na actividade participou o persoal bolseiro e técnico da OMA, abrindo a convocatoria á participación libre do alumnado da UDC. Os resultados móstranse no apartado 2 de esta memoria.

Semana do 16 ao 24, e extensión á semana do 25 ao 29 de Novembro: **Xornadas informativas nas aulas** dos centros escollidos, dirixida especialmente ao alumnado de 1º curso, para a sensibilización e resolución de dúbidas sobre a recollida separada de residuos do modelo Nostián, a cargo do persoal técnico e bolseiro da OMA.

O alcance foi moi satisfactorio, conseguindo concertar dispoñibilidade co profesorado responsábel para un total de 13 aulas, con unha media de 30 alumnos/as por aula, chegando así a manter contacto directo con 390 alumnos/as e o seu profesorado.

Durante estas sesións mostrouse o esquema de separación do Modelo Nostián, repartíuse o folleto informativo “Cada cousa no seu sitio” do Concello da Coruña, e informouse da compostaxe na UDC. Así mesmo, mostráronse os resultados das caracterizacións feitas en anos anteriores nos centros, incentivando á participación na separación do lixo no centro e no fogar.



2.- Caracterización dos residuos en 4 centros completos da UDC

A caracterización de residuos consiste no estudo da composición das distintas fraccións obxecto de recollida separada e na análise da calidade da separación en orixe. Esta actividade ten unha dobre función: estudo e análise do funcionamento do sistema, e sensibilización e educación ambiental da comunidade usuaria.



Imaxe: bolsas de acumulación nas illas de separación da FCCEE

Como estratexia básica, gardáronse as bolsas do lixo acumulado de 2 días nos recipientes colectores (“papeleiras”, caldeiros, contedores) de recollida. Os residuos procedentes de cada tipo de colector foron pesados e caracterizados en canto a presenza en peso das diferentes tipos de materiais. Na fracción do contedor destinado a inertes pesouse por separado o aluminio e o resto.

Os centros escollidos foron:

- Facultade de Ciencias da Educación (FCCEE) e Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT): estes centros xa contan con illas de separación básica distribuídas polas zonas comúns (orgánico, inorgánico e papel-cartón), e illas de separación completa nun punto estratéxico da facultade (as 3 fraccións anteriores, e ademais vidro, RAEE, aceite, tóner e cartuchos de tinta, pilas e baterías).

- Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos (ETSECCP): nesta escola, ademais do sistema de segregación co que contan as dúas anteriores, tamén teñen procedido á retirada dos recipientes xenéricos das aulas e dos despachos do profesorado. Alumnado e profesorado debe levar aos residuos ás illas dotadas de 3 colectores (papel/cartón, orgánico, inerte), ou ao punto limpo central.

- Facultade de Ciencias (FCC): no momento de caracterización de residuos nesta facultade non se contaba con illas de separación. Foi escollida como diagnóstico de partida para facer proposta de adopción do sistema de segregación interna (proposta que se desenvolve no apdo. 3 desta memoria).

A actividade levouna a cabo o persoal técnico e bolseiro da OMA, obtendo os resultados finais que se mostran a continuación.

Facultade de Ciencias da Educación (FCCEE)

Analizáronse un total de 129,6 kg, obtendo a distribución que se mostra na gráfica, en %. O residuo principal da FCCEE é o P/C (63,7%), seguido da fracción inerte (14,6%, suma de inertes, aluminio e líquidos) e orgánica (10,8%). Así, a fracción de aluminio sería do 1,2% sobre o total, e a de líquidos dentro de botellas, do 1,6% do total. As fraccións Vidro e Outros (RAEE principalmente) representan a recollida por acumulación nun tempo indeterminado.




Figura 1. (a) Composición dos residuos xerados na FCCEE que son obxecto de recollida polo servizo de limpeza do centro. (b) Bolseirxs da OMA durante a caracterización de unha bolsa do lixo na FCCEE.

Táboa 1. Calidade das tres grandes fraccións obxecto de recollida separada na FCCEE

Bolsa	verde	azul	amarela
Propios (%)	96,3	92,0	68,2
Captura (%)	68,5	99,3	66,8


No tocante á calidade da separación, observouse que na bolsa de orgánico apenas hai impropios (96,5% propios), porén nas fraccións de inerte e de P/C segue a encontrarse mestura de residuos. Os colectores de P/C conseguen capturar o 99% deste material, xunto con outros residuos (8% como impropios), maiormente botellas de auga e outros envases de bebida, así como vasos de bebidas quentes. En anos anteriores tiñase chegado a un 95% de propios nos contedores de P/C, resultando nesta ocasión algo inferior. O contedor verde captura o 69% dos residuo sorgánicos, cunha calidade do 96%, polo que mellorou substancialmente nestes dous anos. Tamén se rexistrou unha mellora no contedor amarelo, con preto do 70% de propios e de captura da fracción seca.

Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos (ETSECCP)

Caracterizouse un total de 21,7 kg, obtendo a distribución por fraccións que se mostra na gráfica: obsérvase un reparto equilibrado das fraccións orgánica e inerte, representando o 38,5 e 35,0% respectivamente. O aluminio é o 13,2% da fracción inerte. En terceiro lugar, o P/C representa o 26% dos residuos da ETSECCP.

Nesta Escola a fracción con menos cantidade de impropios foi a inerte (6,3% impropios na bolsa amarela). Destácase o caso da fracción de P/C, supostamente con baixa % de propios nese colector ($63,9 \pm 30,4$ %). Isto debeuse á grande cantidade de toallíñas encontradas, o 84,4% da fracción P/C da escola. Se se considerasen estas toallíñas no seu contedor P/C dado que están limpas e secas, a % de propios no contedor azul

desta escola elevaríase ata o 96,2% de propios, sendo moi boa separación en orixe. Posteriormente, consultouse se as toallíñas de secado de mans podían entregarse co papel, e chegouse a conclusión de que si é o destino preferido, sempre que vaian secas no momento da recollida, para evitar problemas de fermentación posterior no contedor de papel. Por tanto, a calidade final asignada foi de 96,2% de propios (Táboa 2).



Podemos considerar dous tipos de áeras na ETSECCP: a recollida xeral nos pasillos (6 áreas con recollida separada P/C, orgánico e inerte; 76% dos residuos caracterizados), e as recollidas nos laboratorios (3 colectores caracterizados, con lixo mesturado, 24% dos residuos). A calidade das fraccións nas áreas de recollida separada é moi boa, con índices de propios e captura entre o 88% e o 99%.

Táboa 2. Calidade das tres grandes fraccións obxecto de recollida separada na ETSECCP.

Bolsa	verde	azul	amarela
Propios (%)	88,0	96,7	95,5
Captura (%)	89,0	99,8	93,0

Os residuos recollidos nos laboratorios, pola súa banda, presentan un 62% de orgánico, 36% de inerte e un 2% de varios. Non se aclarou se parte deste orgánico é papel procedente dos secamáns. Compre aclarar este aspecto, e de ser viable, introducir tamén nos laboratorios a recollida separada.

Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT)

Caracterizáronse 46,7kg de residuos. Nesta Escola, a pesar de que o servizo de limpeza confirmou que non recolleu o lixo en 2 días, a cantidade en cada bolsa é moi pouca, excepto na illa principal do Andar O, que representa o 96,4% dos residuos da facultade (4 illas en total: 1 illa por andar, manténdose tamén os cubos indiferenciados tanto dentro como fora das aulas). A illa do Andar O componse de 10 fraccións diferenciadas: plástico, orgánico, P/C, pilas, aceite, vidro, RAEE, tóner, tapóns solidarios, resto. Nesta illa, o servizo de limpeza só recolle de forma ordinaria o contido das tres primeiras fraccións, que neste momento sumaban un total de 2,7 kg.

Quizais por ese motivo é tan elevada a % en peso da fracción Outros (59,6%), dado que aceite, pilas, vidro... son materiais pesados, e que levaban bastante mais de 2 días de acumulación (estas fraccións só se recollen cando están completos, dando aviso desde Conserxería do centro para a súa recollida). Nas restantes 3 illas de separación repartidas pola escola só se sumou 1,7 kg de residuos en total.

A porcentaxe por fracción para os 3 cubos principais (P/C, Orgánico e Inerte; con 4,43 kg) repártese do seguinte modo: principais fraccións son o inerte e o papel (40,3 e 38,4 % respectivamente), seguidas da de orgánico (16,6%). O aluminio representa o 8% da fracción inerte (2,9% do total), e encóntrase algunha evidencia de mala separación como líquidos en botellas e RAEEs en cubo de inerte (cebadores de fluorescentes), representando o 2,3 e 2,5 % do caracterizado, respectivamente.




Figura 3. (a) Composición dos residuos xerados na EUAT que son obxecto de recollida polo servizo de limpeza do centro. Nota: “Sen cubos especiais” indica o reparto de fraccións sen ter en conta os contedores de fraccións específicas da Illa do Andar 0. (b) Illa de separación de 10 fraccións no Andar 0 da EUAT.

Táboa 2. Calidade das tres grandes fraccións obxecto de recollida separada na EUAT.

Bolsa	verde	azul	amarela
Propios (%)	81,7	97,4	85,5
Captura (%)	95,5	99,4	88,2

A bolsa ou colector para a fracción orgánica presenta un 81,7% de propios e unha captura do 95,5% (% dos residuos orgánicos que se recollen neste colector). A calidade o recipiente destinado a inertes (amarelo) e a papel foi aínda máis satisfactoria, se ben o índice de captura de inertes baixou algo en relación aos restantes. Os contedores para materiais específicos tais como pilas, aceite, vidro, RAEE, tóner e tapóns solidarios contiñan case exclusivamente os materiais que lle son propios (índice de propios do 100%). E como estes residuos non aparecen nos outros colectores, tamén lle podemos asignar un índice de captura do 100%.

Mais compre ter en conta que estes datos da EUAT non contabilizan a xeración total de residuos no centro, ao seguiren utilizándose de forma simultánea colectores dsitribuidos polo centro e aulas.

Como proposta, debe considerarse a eliminación deses outros colectores, instalando un maior número de illas onde sexa necesario.

Facultade de Ciencias (FCC)

Do total xerado (52,2 kg), tomáronse bolsas ao azar para facer a caracterización, que finalmente afectou a 27,0 kg, que representan o 53% do total acumulado da facultade en 2 días. A fracción principal constituíuna o residuo orgánico (57,3%), seguido polo 26,4% de fracción inerte, dentro da cal o aluminio representa o 4,6%. Nesta Facultade a fracción P/C representou o 12,9%.

Encontrouse material esterilizado que representa o 16,8% do total do lixo da facultade, característico de esta área de estudo e que unha vez pasa o autoclave, o seu destino aos colectores de resto é o adecuado. A consideración destes residuos na fracción inerte aumentaría a porcentaxe desta “fracción seca” até o 39% do total, reducíndose a de orgánico ao 48% e papel/cartón ao 11%.




Figura 4. (a) Composición dos residuos xerados na FCC que son obxecto de recollida polo servizo de limpeza do centro. (b) Probable bolsa procedente de laboratorio pola tipoloxía característica de residuos.

Desta forma, a composición dos residuos da FCC que son obxecto de recollida polo servizo de limpeza dá os seguintes resultados:

- Fracción seca: 39%
- Fracción orgánica: 48%
- Papel/cartón: 11%
- Líquidos (maiormente auga mineral e outras bebidas): 2%

Alén disto, na FCEE xérase unha cantidade de P/C que xa é obxecto de recollida separada (datos descoñecidos), residuos perigosos de laboratorio que son recollidos separadamente e enviados a xestor autorizado, e residuos do servizo de cafetaría, dos que se compostan os orgánicos na área de Compostaxe da Praza da Fraga, mentres que os residuos correspondentes a fracción seca (envases etc) xerados na cafetaría son destinados ao contedor do servizo municipal de recollida.

Resumo das caracterizacións nos tres centros con recollida separada

Táboa. Índices de propios e captura nas tres fraccións nas áreas con esta tipoloxía de separación na orixe.

Bolsa	verde	azul	amarela
Índice de propios (%)			
FCCEE	96,3	92,0	68,2
ETSECCP	88,0	96,7	95,5
EUAT	81,7	97,4	85,5
Media	88,7±7.3	95,4±2.9	83,1±13.8
Índice de captura (%)			
FCCEE	68,5	99,3	66,8
ETSECCP	89,0	99,8	93,0
EUAT*	95,5	99,4	88,2
Media	84,3±14.1	99,5±0.3	82,7±13.9

* O índice de captura neste centro refírese só aos residuos depositados nas illas, e non ao total do centro.

Os resultados poden considerarse moi bos, fundamentalmente se os comparamos coa recollida separada no conxunto do país, ou incluso no ámbito Nostián, e tamén cos resultados iniciais cando se instalou o sistema en novembro de 2017 na FCCEE.

Os índices de captura (%lc) indican a cantidade de propios nun colector como porcentaxe da cantidade total dese tipo de residuos xerados no centro. Esta cantidade total é a suma das fraccións dese tipo de residuos que parecen en todos os contedores de recollida. Así:

$$\%lc \text{ (orgánico)} = \frac{\text{kg orgánico no contedor verde}}{\text{kg orgánico total en todos os contedores}} * 100$$

Os resultados de %lc son en xeral elevados, con medias do 83% para fracción seca, 84% para a orgánica e 99% para P/C, aínda que con valores que roldan o 67% nalgún dos centros e que deben ser obxecto de mellora.

A calidade das fraccións, indicada polo índice de propios, presenta valores medios do 83% (fracción seca), 89% (orgánica) e 95% (P/C). Todas elas deben ser obxecto de mellora, particularmente a de papel pola presenza de residuos de envases. A fracción orgánica está próxima ou por riba do valor do 85%, que se considera o valor mínimo para a elaboración de compost de calidade agrícola (Clase B). Porén, para a compostaxe no campus, debería ser bastante superior (95% ou máis), polo que aínda presenta unha marxe de mellora considerable.

A continuación móstranse algunhas imaxes de detalles das caracterizacións:



Evidencias de mala separación: botellas con auga e sen pregar (1,56kg) fronte ao correcto (0,12kg e pregadas), encontradas nunha bolsa amarela na FCCEE.



Bolsas do lixo na FCC: evidencias de aumento de lixo orgánico nos corredores da Facultade, indicativo da necesidade de adoptar o modelo de segregación interna no centro.

3.- Adaptación ao sistema de segregación interna na Facultade de Ciencias (A Zapateira)

Desde a OMA da UDC propúxose adoptar o sistema que xa funciona en outros centros da UDC con bos resultados: Escola de Camiños, Fac. de Ciencias da Educación, e parcialmente na Escola de Arquitectura Técnica.

Trátase de adaptar o sistema de segregación interna aos requirimentos da normativa actual, vixente xa desde hai anos. Esta normativa require como obrigatoria a recollida separada segundo o modelo municipal ao que se acolla a institución en cuestión. No caso da UDC, o Concello da Coruña ten establecido a separación en diferentes fraccións:

- 4 fraccións principais: Vidro, Papel/cartón, fracción húmida (incluídos residuos orgánicos alimentarios), e Fracción seca (Resto)
- Outras fraccións: pilas e baterías, RAEE, cartuchos de tinta e tonner, aceite de cociña, ...

Ademais, non poden ir outro tipo de residuos perigosos distintos das pilas ao servizo municipal de recollida.

Situación de partida na FCC: illa para a recollida separada de papel, pilas e tonner, mentres que os residuos orgánicos xerados nas instalacións do centro (agás a cociña da cafetería-comedor, que van a compostaxe) ían coa fracción seca, o que dificulta a recuperación tanto do residuo orgánico como dos materiais reciclábeis como papel/cartón, plásticos ou metais. O detalle de caracterización dos residuos nesta situación mostrouse no apdo. 2 desta memoria.

Accións propostas:

1. Introducción de forma xeneralizada a recollida en 3 fraccións: papel/cartón, materia orgánica e resto.
2. Organización da localización das illas de separación, agrupándoas estratexicamente para comodidade das persoas usuarias.
3. Montaxe e sinalización das illas cos cartaces adecuados.
4. Retirada dos cubos xenéricos das aulas e despachos (isto de forma voluntaria)
5. Instalación de contedor de orgánico no exterior para facilitar a entrega separada dos residuos polo servizo de limpeza.

4.- Adaptación ao sistema de segregación interna no Edificio Xoana Capdevielle (Elviña)

Desde a OMA da UDC propúxose adoptar o sistema de segregación interna na mesma liña da FCC e da ETSECCP. Xoana Capdevielle trátase dun edificio principalmente administrativo no que tamén se localiza a Aula de Estudo da UDC. Nesta primeira fase as accións están dirixidas aos espazos comúns para administración e Aula de Estudo, sen incluír os departamentos e oficinas.

Situación de partida: recollida indiferenciada en todo o edificio. Só conta con 1 depósito de pilas na conserxería e 1 contedor de papel-cartón no exterior do edificio. Se ben en moitos dos despachos se conta con separación de P/C que o servizo de limpeza leva separadamente ao contedor do exterior.

Accións desenvoltas e en proceso:

1. Introducción da recollida en 3 fraccións: papel/cartón, materia orgánica e resto.

2. Organización e localización das illas de separación nos espazos comúns: entrada principal ao edificio, espazo máquinas vending, entrada Aula de estudo.
3. Montaxe e sinalización das illas cos cartaces adecuados.
4. Retirada dos cubos xenéricos da Aula de Estudo. Neste espazo non é permitida a entrada con comida nin bebida, polo que o residuo principal será inerte e P/C.
5. Seguimento visual da calidade de separación nos contedores instalados.
6. Instalación dun composteiro fora do edificio para a xestión da nova fracción de orgánico que se recolle no edificio.

5.- Equipamentos para a mellora na separación de residuos

Co obxecto de facilitar a separación en orixe nos centros, durante o ano 2019 foise cubrindo a demanda para a mellora na separación de residuos, que necesariamente conta coa instalación e subministro de información e materiais:

- Reparto de cubos de cartón para: FCCEE, FCC, Aula de estudo do Ed. Xoana Capdevielle
- Instalación de composteiro no Ed. Xoana Capdevielle
- Instalación de contedor de orgánico para a recollida municipal na FCC, solicitado ao servizo municipal
- Unificación de cartelería en todos os centros con segregación interna.



Imaxes: cartelería antiga na FCCEE (esq.) e cartelería actual en todos os centros con segregación interna (dta.)

6. Xornadas de sensibilización e voluntariado

É importante a toma de conciencia entre o alumnado, facendo un chamamento ao comportamento cívico mediante as xornadas de sensibilización e voluntariado para a limpeza do entorno natural dos Campus.

Ao longo de 2019 tiveron lugar 3 convocatorias:

- **Febreiro ambiental 2019:** Limpeza do entorno natural do Campus de Oza (8 participantes). 200L de lixo recollido: todo material inerte principalmente plásticos de distintas tipoloxías (PET, PEAD, PEBD, PS), e completouse un bote de 1,5L cheo de cabichas.



- **Semana da Terra 2019:** entre o 22 e o 26 de abril desenvolvéronse diferentes accións, entre elas unha recollida de lixo no Campus da Zapateira (5 participantes). 11 kg recollidos, principalmente plásticos de distintas tipoloxías (PET, PEAD, PEBD, PS), recolléndose tamén algún voluminoso como unha papeleira rota e abandonada nun terraplén. Ao remate desta xornada o lixo recollido quedou exposto na marquesina do bus (lugar arredor do que se encontra habitualmente moito lixo) acompañado de un cartaz de sensibilización.



- **Marzo ambiental 2020:** Limpeza do Campus da Zapateira, 12 participantes. 30 kg recollidos coa seguinte caracterización: 54L inertes varios (plásticos de distintas tipoloxías, fragmentos e voluminosos), 20L plástico botellas PET, 4L fragmentos plásticos lixeiros PEBD (LDPE), 1 bidón plástico PEAD (HDPE), 1 caixa grande cartón (embalaxe refrixerador), recheo de PS da embalaxe do refrixerador, 4L cabichas, 10 uds. latas aluminio, 3 botellas vidro, 1 roda neumático coche.



7. Elaboración da Exposición: O lixo na UDC – Modelo Nostián

Elaborada entre novembro de 2019 e febreiro de 2020, e contando con materiais xa elaborados ao longo de 2017 e 2018 que foron utilizados nas exposicións manuais da FCCE, esta exposición está dispoñible desde o 11 de marzo de 2020.

O seu contido pode consultarse na ligazón:

https://udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/compostaxe/expo-residuos/index.html



Exposición O lixo na UDC – Modelo Nostián, que se colocou o 11 de marzo de 2020 na Facultade de Dereito da UDC.



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Redacción

Manuel Soto Castiñeira, Director da OMA-UDC

Verónica Torrijos, Técnica da OMA-UDC

Agradecementos

Persoal bolseiro OMA-UDC e Green Campus

Comités Green Campus

Coa colaboración de



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PROXIMA

